

O neofalantismo e o suxeito neofalante

Fernando Ramallo
Universidade de Vigo
fernandoramallo@uvigo.es

Resumo

Neste artigo presentamos unha proposta teórica do neofalantismo, entendido como un acontecemento político emancipador. Para iso, partimos da necesidade dunha aproximación radical ao suxeito neofalante. Acreditamos en que o neofalantismo constitúe un desafío á orde simbólica na medida en que comporta unha praxe “inesperada”, artellada, consciente ou inconscientemente, desde unha concepción conflitiva e non consensualista do bilingüismo. A súa aparición colide coa versión hexemónica da lingüística, en tanto que saber disciplinado sometido e artellado arredor dun falante nativo abstracto, responsábel indirecto de moitas consideracións positivistas sobre as linguas. Fronte a ese falante tradicional, coexisten diversas subxectividades de “novos falantes” arredor dunha complexidade formal e funcional que fai difícil a súa caracterización como unha unidade conceptual. Neste sentido, adoita dicirse que neofalante é toda persoa que fala unha lingua aprendida fóra da socialización primaria, nomeadamente no sistema educativo, mais tamén como consecuencia de desprazamentos xeográficos, integración en novas redes sociais ou por razóns laborais, por citar algúns exemplos. Agora ben, para nós esta consideración ampla resulta inadecuada. Por iso, optamos por abordar o suxeito neofalante desde unha visión máis restritiva e próxima á súa orixe, isto é, un suxeito emerxente en situacións de minoración e conflito lingüístico. Así entendido, cómpre diferenciar entre “novo falante” e “neofalante”, identificando neste último a quen aprendeu a falar nunha lingua maioritaria e decide facerse falante activo dunha lingua minorada. Ademais de estar contribuíndo a mudar o imparábel devalo de falantes “nativos” de linguas minoradas, o neofalantismo é tamén un acontecemento que procura recuperar a verdade identificando as fendas do sistema. Na parte final, reflexionamos sobre o caso galego como exemplo de neofalantismo real, coas súas contradicións e afastamentos da achega teórica presentada.

Palabras clave: neofalantismo, acontecemento, suxeito neofalante, lingua galega

1. Introducción

Na última década asistimos a un tormento de propostas, investigacións, debates e discusións arredor do concepto “neofalante”, particularmente no contexto europeo. Esta eclosión, enriquecedora en si mesma, non está exenta de contradicións, como é esperábel en calquera “innovación” científica que trata de atopar o seu espazo na armazón conceptual e epistemolóxica sobre a que se desenvolven as ciencias sociais. Só o tempo permitirá clarificar a dimensión que este concepto está acadando na época actual. Agora ben, na medida en que estamos ante un suxeito que está axudando a pensar con novos enfoques a complexa relación entre lingua e sociedade, propoñémonos contribuír a pensalo desde unha consideración materialista da subxectividade, isto é, dende á súa comprensión como suxeito problemático e, asemade, problematizador. En consecuencia, nesta achega ofrecemos unha aproximación ao neofalantismo e ao suxeito neofalante. O traballo remata cunha reflexión sobre algunhas das consecuencias que provoca o neofalantismo e o seu suxeito, desde unha perspectiva ideolóxica, a partir do caso galego.¹

O que pretendemos é situar teoricamente o neofalantismo mediante unha aproximación que trata de discutir as apropiacións académicas ás que recentemente se someteu para acabar diluído nunha consideración posmoderna da subxectividade (“novos falantes”), que, por mor da súa fragmentación, está contribuíndo á neutralización do neofalante *radical* como obxecto de

¹ Esta achega é parte do proxecto de investigación “El neohablante como sujeto social: el proceso de conversión lingüística en Galicia, Euskadi, Aragón y País Valenciano” (ref. FFI2016-76869-P), cofinanciado pola Axencia Estatal de Investigación (AEI) do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER, UE).

estudo. Como en moitas esferas do materialismo *democrático* (Badiou 2008: 17), desde esta praxe académica recoñécese a pluralidade como dogma ideolóxico do capitalismo global, subliñando a disolución de toda visión dialéctica emancipadora, que é onde recoñecemos a nosa comprensión do suxeito neofalante.

2. Suxeito problemático e problematizador

O neofalante como suxeito do neofalantismo ten a súa orixe en situacións caracterizadas por procesos intensivos de minoración lingüística, con antecedentes notorios na invención da nación moderna como suxeito histórico tradicional (Hobsbawn 1983). Unha consecuencia desa ideación política foi a xerarquización definitiva dos grupos lingüísticos, uns con control e acceso ao recursos, outros, desprazados e marxinados. E as linguas, como materialidades, non poden comprenderse sen atender a este conflito, inherente ao capitalismo. Precisamente por iso, porque as linguas son materialidades humanas historicamente situadas, flexíbeis, adaptábeis e vulnerábeis aos cambios, entendemos o neofalantismo como un cambio na orde simbólica, indizado a través das linguas pero con consecuencias múltiples. Dito con outras palabras, o neofalantismo é unha emancipación que vai máis aló da revitalización ou da recuperación dunha lingua. O que indica é unha resistencia á dominante mercantilización das relacións humanas. A lingua simboliza unha forma de desacato respecto da lóxica do capitalismo tardío. Coa conversión, transfórmanse as tradicións, as formas de vida, as fidelidades persoais, as relacións sociais. E isto pode explicarse como unha forma de liberación, de resistencia accesíbel, viábel e consistente. Pero para que iso aconteza, precisamos un suxeito consecuente.

2.1 O neofalantismo como acontecemento e o(s) seu(s) suxeito(s)

A cuestión ontolóxica do suxeito constitúe un eixo fundamental para entender a evolución do pensamento occidental. Obviamente, non é este o lugar para abordar, sequera superficialmente, esa cuestión (véxase Zima 2015). Limitarémonos a sinalar que dentro do conglomerado de perspectivas, situámonos na teorización materialista de Alain Badiou –figura imprescindible na filosofía contemporánea– que recoñece a figura do suxeito como o centro da verdade. Para Badiou (2017), fronte á concepción dominante tutelada por posicións posmodernas, o suxeito é necesario e cómpre renovar a súa noción precisamente como unha forma de superación desas visións (pos)estruturalistas e deconstrutivistas que analizan o suxeito como unha mera ilusión (véxase Žižek 2001; Besana 2010).

A partir da diferenza entre individuo (o *dado*) e suxeito (o *construído*), Badiou (2017: 14) establece que todo individuo está sempre chamado “a converterse en suxeito o a incorporarse a un suxeito”, a partir dunha “convocación” subxectiva ligada a un proceso real activador desta conversión. Isto é, toda subxectividade emerxe dun “acontecemento” (evento) que intervéen sobre os individuos mediante a visibilidade dun “espacio de valoración” que pode ser transitorio, mudábel, mais tamén consistente. Pode tratarse dun acontecemento político, científico, artístico ou amoroso, por exemplo. É dicir, o acontecemento sempre altera a orde simbólica, fai explícita a verdade latente, a verdade subxectiva e habilita a emerxencia dun suxeito que se mantén fiel ao mesmo:

En mi pensamiento, suxeito es quien decide mostrarse fiel a un acontecimiento que desgarrar la trama de su existencia puramente individual y átona. El acontecimiento siempre es imprevisible, resquebraja y trastoca el orden estancado del mundo abriendo nuevas posibilidades de vida, pensamiento y acción. (Badiou & Gauchet 2016: 205).

Esta incorporación sempre é parcial, na medida en que “no cubre nunca la totalidade de la existencia del individuo” (Badiou 2017: 21); só unha mostra do individuo devén suxeito. Por iso, son posíbeis múltiples subxectividades nun mesmo individuo. E tamén é azarosa, no sentido

de que dous individuos con semellanzas poden reaccionar de xeito diferente ante un mesmo acontecemento. Só o que reacciona e mostra fidelidade ao acontecemento é suxeito. O que permanece pasivo ante o acontecemento non accede á infinitude do real:

El sujeto es aquel que no permanece pasivo frente al acontecimiento; se lo apropia, se compromete resueltamente en la aventura que se abre. El sujeto designa la capacidad de intervención con respecto a un acontecimiento y la voluntad de incorporarse a una verdad, en un proceso duradero que da a la vida su propia orientación. (Badiou & Gauchet 2016: 205).

Na teoría formal do suxeito, todo acontecemento abre un “espazo subxectivo” artellado arredor de tres figuras posíbeis (Badiou 2008: 65). Dunha banda, o suxeito *fíel* (a verdade); doutra o suxeito *reactivo* (negación da verdade); finalmente, o suxeito *escuro* (ocultación da verdade). O suxeito *fíel* é o axente arredor do cal se artella a verificación desa verdade subxectiva que nos descobre o pasado como unha situación errada, manipulada ou falseada. Recoñéceo e comprométese con el, coa súa verdade. É dicir, identifica as fendas do sistema non como meras anécdotas senón como un baleiro clave para imposibilitar o avance emancipador. Pénsese no suxeito relixioso ou no suxeito capitalista, por citar dous exemplos maioritarios. Ambos seguidores e divulgadores fieis da “verdade” subxacente ao acontecemento que os encadra.

Polo seu lado, o suxeito reactivo sustenta a súa posición nunha reclamación do pasado (o vello) e mostra resistencia perante ese suxeito do presente, *fíel* ao acontecemento (o novo). Agora ben, ao subestimar o novo faino dende procedementos argumentativos (ou non) de resistencia, tratando de anulalo. O suxeito escuro opera, en nome dunha ficción ou dun “fetiche intemporal” (Badiou 2008: 79), no non recoñecemento da verdade, na súa abolición, por evidente que ela sexa. Trátase dunha forma de violencia simbólica.

Xa que logo, entendemos por suxeito neofalante o colectivo conformado por persoas que deciden transformar a súa vida mediante un cambio radical na súa praxe lingüística. Este cambio supón falar unha lingua allea á socialización primaria, aprendida en institucións diferentes á familia, que chega a converterse na lingua referencial da subxectividade dos neofalantes, con todas as implicacións que unha conversión desta índole entraña. O acontecemento que explica a emerxencia deste suxeito é, principalmente, de índole política. Xorde en condicións conflictivistas, nomeadamente en situacións de minoración lingüística, explícitas para unha parte da poboación que acomete a conversión como una forma de rebelión e resistencia na procura non só de dignificar a lingua historicamente desvalorizada mediante una praxe emancipadora senón, é isto é de crucial relevancia, de mudar as condicións de posibilidade nas que se sustenta un sistema estruturado arredor de suxeitos reactivos e escuros que actúan coma normalizadores dun *statu quo* profundamente desigual. Por iso, para o suxeito neofalante, a verdade está na superación da desigualdade social. Coa súa subxectividade creba o *habitus* normativo ao ligar as linguas minoradas con funcións tradicionalmente apropiadas pola lingua dominante. Velaquí a dimensión política do acontecemento e a súa verdade. E tamén a diferenza co suxeito foucaultiano, atrapado nunha forma de resistencia inherente ao poder e cuxa finalidade é menoscabar as posibilidades da política, tal como o aborda o marco da gubernamentalidade (véxase Žižek 2001; Castro-Gómez 2010).²

² Como outras nocións, a concepción teórica do suxeito en Foucault –central para entender a súa obra– deu varios xiros nas diferentes etapas da súa vasta achega, considerado por el mesmo “el tema general de mi investigación” (Foucault 1988: 3). A argumentación máis reinterpretada ten que ver coa súa etapa final, sustentada arredor do biopoder, a disciplina, as formas de resistencia e a construción das subxectivacións. Estas últimas son pensadas como consecuencia das relacións saber/poder disciplinadas, mediante as que o suxeito se atrapa a si mesmo. Desde esta perspectiva, ser suxeito “equivale entonces a estar *sujetado* tanto a unas disciplinas corporales como a unas verdades científicamente legitimadas” (Castro-Gómez 2010: 25).

En palabras de Chandler & Evans (2016: 4):

Politics require a subject capable of conceiving the transformation of its world and the power relations it finds itself subject to. In contrast, the neoliberal subject is a subject that must permanently struggle to accommodate itself to the world. Not a subject that can conceive of changing the world, its structure and conditions of possibility; but a subject which accepts the unknowability of the world in which it lives as a condition of partaking of that world.

Precisamente por ser un suxeito emerxente, está sendo obxecto dun intenso debate no mundo académico, con consecuencias, na nosa opinión, degradadoras do concepto e das problemáticas nas que tivo lugar a súa aparición; isto é, como acabamos de sinalar, en contextos de minoración lingüística nos que o tema da lingua hai que entendelo a partir de achegas conflictivistas, sexan obxectivas ou simbólicas. Dito con outras palabras, constatamos que a ampliación do concepto a outros contextos (multilingüismo elitista, emigración, desprazamentos profesionais) nos que non se produce unha conversión radical da praxe lingüística senón a aprendizaxe (e o uso contextual) dunha segunda lingua, supón un debilitación do suxeito neofalante. Desde esa perspectiva, todos somos neofalantes, o cal equivale a non dicir nada.³

Así pois, partimos de que a conversión que explica o neofalantismo comporta algo moi diferente a ser un novo usuario dunha segunda lingua, mesmo nos casos en que esta segunda lingua teña garantida una presenza relevante no día a día dos falantes. Xa que logo, isto descarta entender como neofalante ás persoas que na lingüística tradicional –e en boa parte da discusión actual sobre o neofalantismo– se considera aprendiz ou falante de segunda lingua. O suxeito neofalante fai algo máis que falar unha segunda lingua. A conversión entraña que esa segunda lingua se transforme na lingua primeira, non no sentido cronolóxico, mais no identitario, performativo, emocional e ideolóxico, desprazando a lingua considerada inicial a un segundo plano ou abandoándoa, mesmo nos espazos de socialización máis apegados á lingua falada anteriormente. E isto ten consecuencias nas relacións sociais, o cal está lonxe de acontecer e caracterizar á subxectividade dun novo falante de segunda lingua, que, pola contra, raramente identifica esa nova lingua coma un trazo da súa subxectividade. Mentres que a conversión do neofalante muda a súa vida, a aprendizaxe dunha segunda lingua enriquece e pode mobilizar moitos trazos novidosos, mais non entraña un cambio substancial na forma de estar no mundo, de vivir as contradicións sociais (incluídas as subxectivas) e de promover o cambio social. Estamos, xa que logo, ante dous suxeitos diferentes, sexa polas condicións históricas da súa emerxencia, sexa pola praxe (e a ideoloxía) que os identifica. Isto non anula que teñan puntos en común; agora ben, as diferenzas son o suficientemente salientábeis.

Polo dito, entendemos que a expansión semántica do concepto no debate actual tivo como consecuencia pasar dun suxeito emancipador a un suxeito consecuente coa orde simbólica propia da subxectividade do universo posmoderno, que promove a multiplicidade e a dispersión como forma de loita abstracta e contemplativa. Dito con outras palabras, este “novo” neofalante é un espectro erosionador da crítica que, consciente ou non, mantén o neofalante conflictivo sobre a orde simbólica. Na medida en que esta expansión se está facendo dende a academia, poderíamos soste que a academia é unha sorte de suxeito reactivo.

Ademais desta crítica á expansión conceptual, outras son tamén as dimensións dende as que propoñemos reflexionar sobre o suxeito neofalante como suxeito problemático. En particular, referímonos ao debate inherente que suscita o neofalantismo arredor da dialéctica calidade-

³ Aínda que esta forma debilitada tamén se dá en contextos de minoración lingüística, onde non é infrecuente atopármolos con neofalantes “funcionais” ou “ocasionais”, o acontecemento está constantemente interpelando á conversión radical como única verdade.

cantidade. Como é ben sabido, a lingüística dominante construíuse disciplinarmente arredor do falante nativo como falante ideal, o que permitiu diluír toda a complexidade da relación entre lingua e sociedade e situar a lingüística como un saber positivista. Desde logo, a partir de mediados do século XX, con antecedentes puntuais anteriores, a consolidación de achegas sociolóxicas, antropolóxicas e psicosociais á linguaxe permitiu modular esa visión abstracta e abriu o espazo ao xurdimento de perfís de falantes diferentes, igualmente lexitimados como falantes “válidos”, recoñecíbeis das linguas. No caso específico da lingüística das linguas minoradas, especialmente consagrada á súa protección e promoción, a aparición de neofalantes supón unha certa alerta que permite caracterizar estes falantes como problemáticos. O que hai tras esta cuestión é o debate sobre se as neofalas que mobilizan os suxeitos neofalantes constitúen un referente evolutivo da lingua tradicional ou mais ben trátase dunha deturpación, que debe ser estritamente controlada. Esa forma de vixilancia é tamén un trazo característico dun suxeito reactivo que pulsa por “crear argumentos de resistencia ajustados a la novedad misma”, isto é, “novedades reaccionarias” (Badiou 2008: 72). Non só non hai incorporación, ben sexa por innecesaria (falante tradicional inconsciente), ben por rexeitamento (falante tradicional consciente), senón que o predominante é o *non* ao acontecemento.

Por fin, a praxe do suxeito neofalante visualiza máis que nunca a figura do suxeito escuro, quizais minoritario pero sempre presente, que toma o neofalantismo como a foco da súa crítica violenta contra os falantes de linguas minoritarias, a partir da apelación ao fetiche da lingua común, da igualdade e da (falta de) democracia. Vive nun estado de pavor irracional que o leva a demoler todo intento de emancipación.

3. O suxeito neofalante en Galicia

No caso de Galicia, o neofalantismo —e o seu suxeito— é unha consecuencia esperábel do proceso de substitución lingüística polo que transita o galego desde finais do século XIX. Nese sentido, é un produto das políticas lingüísticas, tanto implícitas como explícitas, especialmente daquelas que se poñen en marcha coa restauración monárquica.

En 1981 Galicia aproba un Estatuto de Autonomía que permite lexitimar o idioma galego e iniciar as estratexias de estandarización e normalización da lingua. Non se pode explicar o fenómeno e a forma do neofalantismo actual sen atender a eses dous procesos. A decisión de crear un estándar para o idioma supuxo unha fractura inédita, dislocando de xeito definitivo a cultura de base tradicional pola que o idioma transitara no pasado milenio da nova cultura creada a partir do artificio normativo e dos seus espazos de difusión e normalización. Esta foi a decisión de política lingüística máis relevante dos últimos 35 anos. Como consecuencia evidente desta política lingüística, o galego normativo comeza a ensinársese no sistema educativo e a promoverse nos medios de comunicación, particularmente nos de titularidade pública. Isto supuxo que a variedade estándar do idioma converteuse na variedade hexemónica urbana, ocupando espazos inéditos e facilitando a súa adquisición por parte de persoas que ata ese momento o descoñecía.

Ese é o contexto propicio para a aparición do suxeito neofalante. Nunha primeira análise, podería entenderse como o resultado dunha contradición. Por unha banda, son as políticas lingüísticas as que promoven as condicións para a emerxencia do neofalantismo; doutra banda, é a conciencia sociolingüística, expresada con frecuencia como unha crítica a esas políticas, a que activa a conversión. Dito doutro xeito, o suxeito neofalante, construído a si mesmo como tal, foi desenvolvendo unha posición crítica á mantenta das políticas lingüísticas e a súa responsabilidade na decadencia do galego; pero isto só foi posíbel polas políticas que introduciron o galego nos novos espazos. Con todo, unha análise máis detallada permite outras

miradas e nelas o suxeito neofalante contribúe a consolidar e mesmo a fortalecer as políticas que facilitaron a súa aparición. Vexámolo desde a perspectiva ideolóxica.

3.1. O neofalantismo como ideoloxía

Todo neofalantismo é ideolóxico, en maior ou menor medida consciente. No suxeito fiel, é dicir, naqueles que viven permanentemente na súa conversión, trátase dunha ideoloxía *constituída* (Žižek 1992), máis orientada a visualizar os contidos da conversión que o espazo previo dentro do que se sitúa a propia conversión. Desde logo, esta conversión é consecuencia dunha decisión complexa. Non esquezamos que neste suxeito se despraza unha lingua “imaxinaria” de poder e transítase a unha “imaxinaria” lingua dominada. É, xa que logo, unha conversión desafiante para o “sentido común”. Con todo, máis que consciente é semirreflexiva na medida en que o que produce esta mobilización é unha visión mítica do ser e dos seus roles sociais. O suxeito neofalante visualízase e identifícase transformado como un salvador ideal do galego (unha “nostalxia”, en palabras de Althusser 1967). Ademais, promover unha práctica anti-normativa cuxo obxectivo final é o cambio social ten sancións que só un comportamento consistente, blindado polo esforzo e certa rixidez, pode soportar (unha “vontade” en termos de Althusser 1967). Dito con outras palabras, para o neofalante, é máis importante o papel que se autoatribúe (unha “esperanza”, en palabras de Althusser 1967) de forma idealizada respecto do futuro da lingua, da revitalización do idioma, como acicate do cambio social que as posíbeis sancións que a súa conversión poida carrexarlle. Trataríase dunha obediencia á súa “fantasía ideolóxica” que supón avanzar na decisión tomada, independentemente dos resultados. A racionalización que o neofalante fai do seu proceso é unha forma idealizada do seu neofalantismo e, ao mesmo tempo, unha forma de construír e producir a súa identidade social. Pero ademais, non só é idealizada a súa racionalización senón tamén a súa práctica social. En palabras de Žižek (1992: 60-61):

[...]: la ilusión no está del lado del saber, está ya del lado de la realidad, de lo que la gente hace. Lo que ellos no saben es que su realidad social, su actividad, está guiada por una ilusión, por una inversión fetichista [...]. Y esta ilusión inconsciente que se pasa por alto es lo que podría denominarse *fantasía ideológica*.

Tal fantasía ideolóxica móstrase en toda a súa intensidade na contradición que entraña a práctica do neofalante: o abandono social da lingua *tradicional* é o acicate para a conversión pero non cara a esa variedade senón cara a outra que xorde en xeografías novas, en novos ámbitos (escola, medios), con formas novas, con novas funcións e con novos falantes. A mitificación do paraíso perdido non supón unha volta a ese paraíso senón un avance a un mundo descoñecido para os habitantes dese paraíso. De feito, en Galicia é excepcional a conversión nun contexto tradicional. Por iso, o neofalantismo é desprezado desde diferentes contextos puristas.

Esta contradición, ademais, suscita unha nova interpretación da situación sociolingüística en Galicia. Ata que se produce a estandarización do galego, o idioma foi durante séculos unha variábel nidamente estratificadora. Falar galego (tradicional) era un indicador moi sólido tanto de pertenza a unha clase social como de procedencia xeográfica do falante. Co neofalantismo urbano, a lingua perde este matiz e desactívanse as tensións sociais que subxacían a un modelo conflitual artellado ao redor dunha lóxica retroalimentada desde a dominación á resistencia. O sistema logra minimizar o conflito de clase xustamente no momento histórico de maior intensidade na lexitimación de idioma minorado. Así pois, todo o sistema (incluído o suxeito neofalante) contribúe ao abandono dunha forma de vida mediante un mecanismo alienante sen parangón na historia de Galicia. De ser así, neste novo sistema social, as prácticas imaxinadas como de “resistencia” poderían funcionar como o oposto mesmo á resistencia, ao estar anticipadamente incluídas na forma na que o sistema deseña os seus mecanismos de control

(Žižek 2006: 430-440). É unha forma de violencia sistémica que nos leva a repensar todo o dito ata agora.

Por último, no suxeito neofalante hai tamén unha forma de identificación simbólica e/ou imaxinaria (Žižek 1992). É dicir, a identificación desde a que son observados, xeralmente soportando unha carga de atribucións desde as que a orde social imaxínaos: alleo ao mundo ao que aspiran e afastados do mundo de orixe. Habita un *non-lugar*, o anonimato, nas relacións simbólicas na medida en que a ideoloxía faise efectiva precisamente por contribuír a *des-identificalo* (Žižek 2011). Por iso continuamente aspiran a atopar o *seu* sitio.

4. Breve reflexión final

A partir do caso galego, somos conscientes de que a consideración teórica do neofalantismo na que sustentamos a nosa achega resulta excesivamente formal. A este respecto, pódese argumentar que o suxeito neofalante é un suxeito real, contraditorio coa propia verdade que mobiliza coa súa conversión. En todo caso, hai unha evidencia que non podemos obviar: o sistema (capitalista) trata continuamente de fortalecer suxeitos, identidades, ideoloxías –e todas as formas de subxectividade concibíbeis–, sempre que non sexan incompatíbeis co propio sistema. Nese contexto, posibelmente o neofalantismo emancipador, como causa ideolóxica, exista “solo en la medida en que los sujetos actúan como si existiera” [...] aun cuando lo único que realmente existe sean estos individuos y su actividad” (Žižek 2013: 20).

Referencias bibliográficas

- Althusser, L (1967). *La revolución teórica de Marx*. Buenos Aires: Siglo XXI.
- Badiou, A. (2008). *Lógica de los mundos. El ser y el acontecimiento, 2*. Buenos Aires: Manantial.
- Badiou, A. (2017). *Filosofía y la idea de comunismo. Conversación con Peter Engelmann*. Madrid: Trotta.
- Badiou, A. e Gauchet, M. (2016). *¿Qué hacer? El capitalismo, el comunismo y el futuro de la democracia*. Barcelona: Edhasa.
- Besana, B. (2010). “The subject”. En: A.J. Bartlett & J. Clemens (ed.). *Alain Badiou. Key concepts*. Durham: Acumen, 38-47.
- Castro-Gómez, S. (2010). *Historia de la gubernamentalidad. Razón de Estado, liberalismo y neoliberalismo en Michel Foucault*. Bogotá, D.C: Siglo del Hombre Editores.
- Chandler, D. & Reid, J. (2016). *The neoliberal subject. Resilience, adaptation and vulnerability*. London: Rowman & Littlefield.
- Foucault, M. (1988). “El sujeto y el poder”. *Revista Mexicana de Sociología*, 50(3), 3-20.
- Hobsbawm, E. (1983). “Introducción”. En: E. Hobsbawm & T. Ranger (eds.). *La invención de la tradición*. Barcelona: Crítica, 7-21.
- Zima, P.V. (2015). *Subjectivity and identity. Between Modernity and Postmodernity*. London: Bloomsbury.
- Žižek, S. (1992). *El sublime objeto de la ideología*. México: Siglo XXI.
- Žižek, S. (2001). *El espinoso sujeto*. Buenos Aires: Paidós.
- Žižek, S. (2006). *Visión del paralaje*. Buenos Aires: FCE.
- Žižek, S. (2011). *En defensa de las causas perdidas*. Madrid: Akal.
- Žižek, S. (2013). *Cómo leer a Lacan*. Buenos Aires: Paidós.